

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 16 de setembro de 2005**

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que se celebrará o vindeiro venres, día 16 de setembro de 2005, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **Central-Actas**

- 1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 7/05, do 28 de xullo.
- 2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 13.189 á nº 16.499, de 2005.

### **Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas**

- 3.-Ampliación da delegación de competencias en materia tributaria polo Concello de Melide.
- 4.-Ampliación da delegación de competencias en materia tributaria polo Concello de Val do Dubra.
- 5.-Conta Xeral do Orzamento correspondente ao exercicio 2004.

### **Comisión de Cooperación e Asistencia a Municipios**

- 6.-Aprobación do programa operativo local adicional 1/2005 por aplicación das baixas de licitación do POL 2005.
- 7.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Remodelación Avda. Martínez Pardo 1-F”, do Concello de Curtis, incluída no POS 2004. Código: 04.2100.0127.0.
- 8.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Pavimentación v.p. Landeira-Bugallido” do Concello de Negreira, incluída no POS 2005. (código 05.2100.0231.0)
- 9.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Rede de sumidoiros e abastecemento en Andrade, Valdeviñatos, Pl.” do Concello de Pontedeume incluída con carácter de plurianual no POL adicional 2/2004 e POL adicional 2/2005, código: 04.2302.0155.0.
- 10.-Informe da Deputación sobre a modificación dos Estatutos do Consorcio para a Promoción da Música (A Coruña).

### **Comisión de Plans Especiais, Contratación e Equipamento**

- 11.-Aprobación da modificación da base 7ª das Bases reguladoras do Plan de investimentos locais 2005.

### **Comisión de Infraestructuras Viarias: Vías e Obras Provinciais**

12.-Aprobación técnica dos proxectos do Plan de vías provinciais 2006-2008 e solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras incluídas nel.

13.-Aprobación do Plan de vías provinciais 2005 5ª fase.

### **Comisión de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico**

14.-Proposta de modificación do convenio de colaboración suscrito con Caixa Galicia, verbo da cesión do local destinado a Centro Xuvenil en Santiago de Compostela.

ACTUACIÓN DE CONTROL  
MOCIÓN  
ROGOS E PREGUNTAS



|                                 |      |
|---------------------------------|------|
| DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ | PP   |
| DONA PILAR SOUTO IGLESIAS       | PSOE |
| DON MANUEL TABOADA VIGO         | PP   |
| DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER    | PP   |
| DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS    | BNG  |
| DON PABLO VILLAMAR DÍAZ         | BNG  |

Non asiste o Sr. Campo Fernández.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. Secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

### **1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 7/05, DO 28 DE XULLO.**

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 7/05, do 28 de xullo.

### **2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 13.189 Á Nº 16.499, DE 2005.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 13.189 á nº 16.499, de 2005.

### **3.-AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA POLO CONCELLO DE MELIDE.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Melide en relación coa seguinte materia:

- Recadación voluntaria das sancións municipais por infraccións da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, incluíndo a colaboración previa co concello para a identificación dos propietarios dos vehículos cos que se cometeron as infraccións.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos

tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

#### **4.-AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA POLO CONCELLO DO VAL DO DUBRA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“ Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello do Val do Dubra en relación coa seguinte materia:

- Recadación en período executivo de tributos, prezos públicos e calquera outro ingreso de dereito público de carácter non periódico ou de periodicidade inferior ao ano.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos desde o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

#### **5.-CONTA XERAL DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2004.**

##### INTERVENCIONS

Sr. Lagares Pérez

O equipo de goberno presenta en tempo e forma a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2004, se cadra facer un pouquiño da súa historia, coa entrega previa aos grupos políticos no seu momento, ditame inicial da Comisión de Economía e Facenda do 30 de maio, exposición pública de 15 máis 8 días para os efectos de reclamacións, que non se produce ningunha, novo ditame da Comisión de Economía o pasado 13 de setembro dos correntes, e hoxe sometémola a consideración plenaria para a súa aprobación, se procede, polo Pleno da institución provincial e a súa remisión ao Consello de Contas da Xunta de Galicia, antes do 1 de outubro do presente ano.

A Conta Xeral do Orzamento non se trata soamente dunha relación numérica onde detallemos as porcentaxes ou as economías dos distintos programas e facetas desta Deputación, é algo máis, é unha análise exhaustiva da institución provincial en todos os aspectos, e a nivel económico, indubidabelmente, marca o fin dun capítulo que se inicia co orzamento inicial de 2004, que a continuación se producen os distintos expedientes de modificación de crédito, tanto de aprobación do Pleno como pola resolución da Presidencia, amparado nas bases de execución do orzamento, e acaba coa súa liquidación e, polo tanto, coa Conta Xeral que estamos a render neste momento.

Quero agradecer, como sempre o fago, o traballo e a dedicación dos funcionarios da área económica e de todos aqueles que, directa ou indirectamente, participan na elaboración exhaustiva, e creo que importante, desta Conta Xeral, que leva todos os documentos, todos os informes, que son preceptivos, segundo marca o Texto refundido da lei de facendas locais e demais concordantes.

Dentro da Conta Xeral faise un estudo socioeconómico da provincia, fálase da súa estrutura política deste goberno, da estrutura administrativa, da estrutura do persoal, un dato, dicir que en 2004 o persoal desta Deputación era de 780 traballadores, distribuídos en 619 funcionarios e 161 de persoal laboral. Que a Deputación participaba en entidades e organismos, nun total de 52, e tamén participamos en padroados e fundacións nun total de 11.

Na liña do endebedamento, e aquí o equipo de goberno quere resaltar que o ano 2004 foi un ano importante, diríamos que posibelmente o ano 2004 tivo unha característica destacada que foi a renegociación da débeda provincial, moi favorábel como veremos entón cos datos que achegarei, así como este ano 2005 podemos dicir que foi o da negociación do déficit sanitario, a través da sinatura dos protocolos e dos concertos, que se van desenvolver en investimentos, tanto en materia sanitaria, pola Consellaría de Sanidade, como en investimentos provinciais nos 94 concellos da provincia, mercé ao acordo plenario que fixemos no último Pleno de xullo.

Polo tanto, a liña de endebedamento pensamos que foi moi favorábel para esta Deputación, e moi favorábel, eu diría que un total de 2.200.000 euros longos, se conseguiron liberar co aforro desta renegociación, para que estas economías que se logren vaian dirixidas a investimentos, a proxectos, a traballos, a plans, que van reincidir na mellora dos cidadáns da provincia, dos concellos onde a Deputación ten que marcar, como sempre, a pauta neste aspecto.

Dentro da información orzamentaria, destacar que foi un exercicio, digamos, un pouco anómalo, e digamos un pouco anómalo, non imos entrar en cales foron os motivos, houbo que repetir unhas eleccións, a toma de posesión desta Corporación provincial atrasouse até o 26 de novembro do ano 2003, e non quedou máis remedio que facer unha prórroga do orzamento do 2003 de cara a 2004, quere dicir que no exercicio 2004 a Deputación Provincial da Coruña contou con dous orzamentos, un prorrogado, por circunstancias que veño de indicar, e que se fixo a prórroga desde

xaneiro até o mes de abril que entrou en vigor o orzamento que sentenciou favorablemente este Pleno da Corporación.

Polo tanto, falemos do orzamento inicial, non do prorrogado, o orzamento inicial tómasse en consideración con algo máis de 159 millóns de euros, e como sempre dicimos este equipo de goberno, e é unha realidade, non é un feito cerrado, é un feito aberto, é un feito non estático, é un feito dinámico, como corresponde a calquera orzamento dunha entidade local, quere dicir que ao longo do exercicio fanse determinados expedientes de modificación de créditos, nun total de tres de aprobación de Pleno, e de dezasete de aprobación da Presidencia, de acordo coas bases de execución orzamentaria, polo tanto, un total de vinte expedientes de modificación de créditos son os que se levan a efecto.

Quero destacar tamén a importancia da incorporación de remanentes do exercicio anterior, que é moi significativo, unha incorporación de remanentes por un total de case 66 millóns de euros, destacando dúas partidas importantes, como son o capítulo VI, Investimentos Propios, e o capítulo VII, Transferencias de Capital, que son os que levan os investimentos aos concellos da provincia. Isto significa nesa incorporación de remanentes o 74,45%, destacando 30 millóns de euros, algo máis para investimentos propios en estradas, no Programa Operativo Local, etc., e 19 millóns máis ou menos, de cara a transferencias definitivas.

Con todo isto confórtase o Orzamento 2004 con preto de 265 millóns de euros, un pouquiño menos, pero que estamos moi próximos. E neste aspecto destacar que no mesmo orzamento se cumpre estritamente os decretos e a Lei de estabilidade orzamentaria, de forma, repito, estrita, no exercicio 2004.

En canto á execución por programas, dicir que a execución entende o equipo de goberno que é boa, aínda que mellorábel, indubidabelmente, todo é mellorábel, e a execución é boa. Eu quedeime co programa que aparece en primeiro lugar na relación do cadro do estado de execución, e co último. O primeiro programa que é débeda pública execútase un total da porcentaxe en gasto comprometido, do 83,94, e despois quedome co último porque eu creo que é o programa estrela da Deputación, que é o programa relacionado co Plan de cooperación ás obras e servizos e outras transferencias ás corporacións locais. Indubidabelmente aquí os créditos definitivos de 29 millóns de euros longos, o gasto comprometido é de 28 millóns e medio, que significa unha porcentaxe do 95,60%. Xa que logo, este equipo de goberno entende que na execución dos programas, como digo, sendo susceptíbel de mellora, sen dúbida, estamos no camiño atinado, no camiño que, indubidabelmente, marca a pauta.

Outro aspecto importante é a política de ingresos. Sen dúbida, para que existan gastos teñen que existir ingresos, os orzamentos débense comezar sempre por unha adecuada política de ingresos e unha formalización e execución destes que cremos que tamén foi importante. No ano 2004 prodúcese 155,14, á parte da incorporación de remanentes, que citaba ao longo da miña intervención, sobre 174 millóns de euros, o



que significa o 88,9%. Sempre teñamos en conta que a execución orzamentaria se inicia no mes de abril, non se inicia a comezos de ano pola prórroga do orzamento. Os dereitos liquidados representan o 96,28%. Eu aquí, como poden ver as Sras. e Sres. deputados, non estou a facer referencia a ningún exercicio anterior, posibelmente na miña segunda intervención, posibelmente faga referencia como foron nos exercicios anteriores, e co cal chegamos á porcentaxe e ao gasto comprometido que realmente son as cifras reais, o resumo de todos os programas e que marca unha pauta, cremos que tamén boa para esta Deputación, cunha execución orzamentaria de 210,34 millóns de euros, o que significa, máis ou menos, arredor do 80%, en sentido moi estrito.

Tamén quero destacar nesta Conta Xeral os proxectos con financiamento afectado, coido que son datos importantes a ter en conta e que é conveniente que sexan coñecidos polas Sras. e Sres. deputados. Pois ben, do ano 2004 execútanse un total de 1.256 proxectos con financiamento afectado, 1.256, que convén aclarar os aspectos nos cales se engloban estes proxectos. Por un lado, hai os proxectos de obras novas, reformas, melloras, etc., hai proxectos de formación, proxectos coa Unión Europea, que buscan como finalidade importante o emprego, un dos eixes do orzamento que anunciabamos no momento da súa aprobación inicial, e despois outros proxectos de tipo social, de tipo medioambiental, etc. Estes 1.256 proxectos supoñen un montante de 134 millóns de euros longos, e indubidabelmente é unha cifra a ter en conta porque é un esforzo investidor e de programas claramente dirixidos aos cidadáns da provincia para lograr melloras tanto en postos de traballo como en calidade de vida, a través de novos servizos.

O financiamento, como é lóxico, parte fundamentalmente de tres grandes piares que son o préstamo, o Ministerio das Administracións Públicas, e o Feder, á parte doutras pequenas achegas, todo iso cuantifica porcentualmente como partidas destacadas, o 70%, máis ou menos, de toda a achega. Se a isto engadimos, e xa vou acabando, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, os conceptos de aforro bruto e neto que indican un bo saneamento desta Deputación despois da renegociación crediticia, cun aforro bruto preto de 81 millóns de euros e o aforro neto axustado, superior a 87 millóns de euros, o cal indica un grao de saneamento e de claridade de cara a un posíbel crédito que se teña que pedir, ou varios créditos, indica que está a cousa no bo camiño.

Polo tanto, e xa remato, o ano 2004 foi o ano da renegociación do crédito, o cal xerou dous millóns longos de euros para novas economías investidoras. Este ano 2005 estamos coa renegociación en materia sanitaria, e todos os días do ano son os cidadáns da provincia, son os seus concellos, a través de actuacións, proxectos e investimentos, aos que se dirixe este equipo de goberno, baseándose na cooperación e na solidariedade.

Polo tanto, solicitamos por parte do grupo popular, do grupo da oposición, o seu voto favorábel a esta Conta Xeral, nada máis de momento e moitas grazas.

Sr. Rodríguez Rodríguez

A Conta Xeral é, como di moi ben o Sr. Lagares, un instrumento fundamental, porque é unha análise exhaustiva da xestión dunha Corporación pública, dunha Administración e, polo tanto, a análise da Conta Xeral tamén é unha análise de eficacia no cumprimento dos obxectivos, como se realizaron, en que medida se realizaron. Por outra parte, tiñamos en conta que este era un orzamento expansivo, porque se incluíran dentro dos orzamentos de ingresos no seu momento 13 mensualidades da achega do Estado, eran 8,3 millóns de pesetas máis, se ben hai que lembrar, e isto é especialmente non positivo, que os gastos correntes medraron o 37-38%, hai que lembrar que os gastos de persoal de altos cargos medraron un 172,48%, e que o investimento nos capítulos VI e VII non se incrementaba, practicamente medraba nada, o 0,171%, é dicir, máis ingresos, trece mensualidades en vez de doce, incremento dos gastos de persoal sobre todo, incremento desorbitado dos gastos de altos cargos, e non crecemento do investimento. De todas as maneiras, é un orzamento importante.

Imos examinar esta liquidación, e no exame desta liquidación temos que partir de algo fundamental, a homoxeneidade dos datos. Os orzamentos, nos orzamentos de gastos, teñen catro fases distintas, a autorización, a disposición, o recoñecemento da obriga e o pagamento. Enténdese que un gasto está executado cando chega o recoñecemento da obriga, é cando realmente se executa, se pague ou non, porque ao mellor ás veces recoñecida a obriga, o pagamento non se produce nese momento por algunha circunstancia de carácter formal. Que é o recoñecemento da obriga?, a prestación do servizo, acredítase que a actuación que se trataba está feita e procede o pagamento. Os créditos que non cheguen á fase de recoñecemento da obriga anuláanse, na liquidación na Conta Xeral, o resultado é a diferenza entre créditos recoñecidos e obrigas recoñecidas, os créditos que están en fase A que é cando se comeza a falar, ou en fase D, cando ao mellor se inicia unha contratación, o 31 de decembro anuláanse, independentemente que despois algúns deles se poidan incorporar a exercicios seguintes a través de acordos da Corporación, pódense incorporar ou non.

Cando falamos de resultado orzamentario da Deputación Provincial da Coruña, estamos a falar de diferenza de dereitos recoñecidos e obrigas recoñecidas, e este resultado orzamentario ascende a 69.492.336, é dicir, quere dicir que hai unha capacidade de gastos de 69 millóns de euros que expresa fundamentalmente, como veremos despois, demora na execución dos programas de gastos, que non se chega á fase de obrigas recoñecidas, que se anulan créditos e que iso determina un resultado orzamentario, canto máis alto sexa o resultado orzamentario, máis ineficiente é a xestión da Deputación, salvo se analizamos con carácter independente nalgún momento a variábel da diferenza de ingresos. Como podemos analizar esta xestión?, que representan 69 millóns de euros de diferenza entre créditos recoñecidos e obrigas recoñecidas?, pois que a xestión foi peor que a que se fixo no exercicio anterior. No exercicio anterior, en 2003, que foi o último exercicio de goberno provincial do Partido Popular, esta diferenza era de 42 millóns de euros, é dicir, incrementouse nun 63% a capacidade para gastar ou a non realización de gastos nun 63%, é dicir, negativo, para

estes 43 millóns de euros. De 43 millóns de euros, que é a capacidade que temos para financiar obrigas, descontando aquelas que son xa de carácter obrigatorio, quedamos no ano 2004 con 43 millóns de euros de remanente, no ano 2003 foron 22 millóns, é dicir, incrementouse nun 93% a ineficacia no gasto, é así, é dicir, incapacidade de gastar, créditos que se incorporan, ou que quedan libres para financiar expedientes, 43 millóns de euros, mentres que o ano anterior foron 22, isto implica claramente unha mellor capacidade de gasto, unha mellor realidade de gasto, e cumprimento dos obxectivos orzamentarios no exercicio 2003 fronte a 2004.

Por iso moitas veces, e eu quero lembrar a presentación que se fixo do orzamento de 2004, vendíase moita ilusión, moitas cousas que se ían facer, e o resultado é que fixo moito menos do que se estaba obrigado a facer, porque o orzamento é unha obriga, e tamén temos que dicir que ese incremento do 172% nos gastos de persoal de altos cargos, traducidos en 11 deputados con dedicación exclusiva, no anterior equipo, no noso, eran 3, non trae como consecuencia precisamente un incremento da eficacia da Deputación, máis ben todo o contrario.

Imos ver, imos miralo desde outra perspectiva, estamos mirándoo do non gastado, imos miralo do gastado. Comparando coa cifra total do orzamento, no ano 2004 gastáronse 53 euros de cada 100 posíbeis, en gastos de persoal gastouse 87%, en gastos de investimento, soamente 42%, é dicir de cada 100 pesetas orzamentadas para investimento, só se gastaron 42, refirome ao nivel que, como se pode comparar, as contas de obrigas recoñecidas, é dicir, menos da metade dos créditos de investimento, que son precisamente os créditos para os cales fundamentalmente existe esta Deputación.

En transferencias correntes que, en definitiva, a complexidade é menor, e que estaba incrementada nun 17% sobre o exercicio anterior, só se gastaron 36,33 euros de cada 100, un terzo de cada peseta orzamentada, de cada euro orzamentado, gastouse. A verdade, tamén antes estas cifras, nós preguntámonos a razón pola cal vostedes presentan os orzamentos tan inflados, cando despois son incapaces de os converter en realidade.

Imos seguir analizando esta xestión, execucións, obrigas recoñecidas no ano 2004, -agora estou a utilizar cifras, porque como moitas veces o Sr. Lagares, amabelmente, di “mire vostede os números, mire vostede os números”, estámoslle a dar números suficientes, non se preocupe vostede, números-, as obrigas recoñecidas no ano 2004 foron 140 millóns de euros, en 2003, 173 millóns de euros, 33 millóns de euros máis de execución real, de obrigas recoñecidas, é dicir, de cumprimento dos obxectivos da Deputación, cun orzamento máis inflado que o anterior. Isto di quen xestionou ben e quen xestionou mal, é unha xestión a súa, tremendamente deficiente e preocupante, por que?, que é o que nos interesa? a repercusión da nosa acción sobre os habitantes da provincia. No ano 2003 o gasto total da Deputación por habitante foi de 158,89 euros, 158 euros, e no 2004 o gasto da Deputación por habitante foi de 125 euros, é dicir, os habitantes da provincia recibiron moitísimo menos gastos, menos servizos, por parte do

gobierno actual do que recibiron por parte do goberno provincial do Partido Popular, e eses datos, desgraciadamente, son datos numéricos que non teñen ningunha contestación posíbel. Así, en concreto, a inversión dos capítulos VI e VII por habitante foi de 84,6 euros, e vostedes en 60 euros, un 40% máis en 2003 que en 2004. Isto é o que ve o cidadán, isto é o que recibiron os habitantes da provincia de investimento da Deputación, a nivel de obrigas recoñecidas, que é como hai que mirar todo isto.

Cando vostedes formulan lemas, teñen un certo gancho para os medios de comunicación, a min gustárame que o noso grupo inventase lemas tan atractivos coma os seus, dicíamos “queremos gastar menos para facer máis e mellor”, pois señores, gastaron menos por inutilidade de xestión, por incapacidade de xestión, e fíxeron menos e peor, esa é a realidade, menos e peor, porque tiñan máis orzamento, foron incapaces de chegar a un nivel razoábel de obrigas recoñecidas, cun goberno provincial do ano 2003 que cesou en decembro, que non puido apurar todo o exercicio orzamentario e que tivo moitas retencións para facer modificacións orzamentarias por razóns legais que se trataba dun goberno que estaba nunha situación de interinidade.

Imos ver tamén algúns programas significativos, estradas provinciais, no ano 2004, en conservación de estradas gastaron o 69,77% e quedou pendente o 30,23%, conservación que é un gasto, podemos dicir, de rápida execución. Con investimento de Plans de vías provinciais, estamos a falar de créditos orzamentarios, non de incorporacións, senón dos créditos orzamentarios do ano, e a nivel de obrigas recoñecidas, en Plans de vías provinciais, que é un dos programas estrela desta casa, a nivel de obrigas recoñecidas, vostedes quedaron no 14,39%, quedaron sen gastar o 85%, isto é abraiante, que en vías provinciais só cheguen a nivel de obrigas recoñecidas o 14% do orzamento, por suposto non é precisamente para dicir que é unha xestión especialmente atractiva. En Plan de rede viaria local, si home, xa gastaron un pouco máis, o 61%, en obras e servizos, a metade, o 51,95%, en equipamento deportivo e tempo libre, volven vostedes a porcentaxes escandalosas, o 17,85%.

Sr. Lagares, como teño todos estes números aquí, é moi doado, despois pásolle a vostede os datos habidos e por haber, multiplicados e certificados, están os listados correspondentes para acreditar todo o que estou a dicir.

Queda claro, vostedes no que foron os programas ordinarios e normais da Deputación, executaron menos, mal e peor do que o fixo o goberno provincial anterior, está claro, son datos e están aí. Agora, vostedes formularon programas novos, dixeron imos facer cousas distintas, imos demostrar que esta nova Corporación atende a áreas sociais, culturais e económicas que era incapaz de atender a Corporación anterior. Comezamos, programa novo, política de igualdade de xénero, nivel de obrigas recoñecidas o 5,28%, de verdade que non lle dan vostedes moita importancia á igualdade de xénero, obrigas recoñecidas o 5,25%, 95 euros de cada 100 non se converteron en obrigas recoñecidas, non chegaron, en definitiva, a acción aos destinatarios, quedaron algúns nas fases intermedias, pero nada do que representa o que estamos a discutir, o nivel de execución orzamentaria, pero a traxedia vén a

continuación, porque isto xa non ten moitos nomes, e eu son especialmente respectuoso coa linguaxe. Accións de cooperación para o desenvolvemento, programa 330.B, grao de execución orzamentaria, obrigas recoñecidas, 0; programa 350.A, normalización lingüística, 0; 441.A, saneamento, abastecemento e distribución de auga, 0; programa 560.A, proxectos de desenvolvemento local provincial, 0; programa 560.B, proxectos de desenvolvemento local estatais, 0; programa 560.C, programas de desenvolvemento local europeos, 0. 3.171.000 euros de programas novos que non tiveron nin un euro en obrigas recoñecidas, e todos os créditos se anuláron para se incorporar agora ao orzamento do ano seguinte e formar parte dese remanente.

Vostedes cando fixeron o orzamento, realmente pensaron o que tiñan que facer?, foi unha acción cara á galería, ou realmente son vostedes incapaces de xestionar?, porque presentarse a 31 de decembro con este resultado de execución orzamentaria en obrigas recoñecidas, con 11 deputados en dedicación exclusiva, home, eu non me sentiría especialmente satisfeito. De verdade, señores, estámolo a ver todos os días nas reunións das comisións que preceden ao Pleno, convocadas dous días antes, tres ou catro comisións xuntas, vostedes non traballan, a realidade está aí. A verdade é que se me tivese que presentar cunha execución orzamentaria deste nivel, estaría lixeiramente colorado, por utilizar termos suaves.

Señores, como é natural, nós non lle imos dar aprobación a esta Conta Xeral.

#### Sr. Lagares Pérez

Creo que o final da súa intervención, de “vostedes non traballan”, coído que, efectivamente, vostede si que lamento dicirle, leu mal os papeis, até le mal os papeis. E, sobre todo, o que ten é que darse conta dunha cousa, Sr. Rodríguez, por exemplo, cando fala vostede deses 120.000 euros que non se executaron, das políticas de igualdade, claro que non se enteira, iso foi modificado nun expediente de modificación de créditos e pasou a outra partida correspondente, e executouse, e por iso hai que ler tamén a letra pequena, e os números pequenos, non se pode dicir alegremente que o programa non se executou nun cen por cen.

Segundo concepto que confunde vostede desde o punto de vista orzamentario, vostede confunde as obrigas recoñecidas co gasto comprometido, que é completamente diferente, orzamentariamente está a facer unha análise indebida da Conta Xeral do ano 2004, Sr. Rodríguez, unha análise indebida, eu voulle responder a todo. Por exemplo, fala vostede tamén de que non se executou o Plan de depuradoras de 720.000 euros, eu non lle vou dicir que vostedes non o executaron nunca e que o orzamentaron durante oito anos, o que si lle adianto é que este equipo de goberno vaino traer ao próximo Pleno, vaise sentenciar este mes, se non hai ningún problema, na Comisión de Plans Especiais, e vostedes en oito anos foron incapaces de o sacar.

O terceiro punto que lle quero dicir, á parte da confusión grande e grave que ten, Sr. Rodríguez, comezamos a executar o orzamento adiantado ao mes de abril, sabe

perfectamente porqué, cando vostede fala dos gastos por habitante, fala do exercicio 2004, pero é enganoso, porque non fala do gasto por habitante do orzamento do ano 2003, entre xaneiro e abril, e iso hai que sumalo, claro, vostede colle o informe dos técnicos e fálanlle do orzamento 2004, pero mire, iso é enganoso, fáleme tamén do que se gastou por habitante entre xaneiro e abril de 2004, porque este ente provincial non estivo parado, mire, non estivo parado e executamos un 60% en investimentos e transferencias de capital, con 1.256 proxectos, 1.256 proxectos. Outro punto, do cal non fixo incidencia, vostedes estaban a malgastar o diñeiro da Deputación pagando amortizacións de capital e intereses, estaban cos créditos elevadísimos, fixemos unhas economías de 2.200.000 euros, á parte das confusións que ten, que son moi elevadas, voulle dar os datos para que vostede os revise, voulle dicir as páxinas onde están os informes para que o lea detalladamente. Os dereitos liquidados que están na páxina 50 do informe dos técnicos desta Deputación di que no ano 2004 se liquidou por 167,98 millóns de euros, un 96,98, e un desvío do 3,72, dígollo para que o revise, páxina 50. Vostedes, no ano 2003, fixeron unha xustificación de dereitos liquidados de 161 millóns de euros, é dicir, menos que no exercicio 2004 e cos 12 meses de execución orzamentaria, e catro puntos porcentuais menos, o gasto comprometido, que ese é o concepto fundamental do orzamento, está ben que lea as obrigas recoñecidas, se vostede agora ve a execución orzamentaria dirá, ben, “este orzamento está moi mal xestionado”, claro que está mal xestionado, agora, por que está mal xestionado?, porque acabamos de incorporar un expediente de modificación de créditos elevadísimo e que baixa a porcentaxe de xestión orzamentaria no ano 2005, e por iso os números hai que lelos ben, Sr. Rodríguez, pero lelos adecuadamente, non de forma buscando a obriga de recoñecidos, non mire, hai un gasto comprometido real coa incorporación de remanentes, do 95,71%, páxina 55, e vostedes conseguiron en 2003 o 97,66%, dous puntos máis, esa é a realidade. E despois, claro, pódeme dicir que se o programa de igualdade de xénero non se fixo, e o que lamento é que me faga o de vías provinciais, primeiro porque as vías provinciais, ás cales vostede se refería, por certo, con moito desatino, analice o que destinaban vostedes á conservación de vías provinciais e mantemento, analicen o que destinaban vostedes ao Plan VIP, e analicen o que destinaban vostedes ao Plan de travesías, e verán a diferenza notoria nas súas economías. E sabemos perfectamente que, segundo teño aquí, o tanto por cento de comprometidos sobre definitivos é o 69,50%, que son 31 millóns longos de euros, e isto quere dicir que este gasto está comprometido, pero hai obras que non se puideron iniciar porque faltou un trámite onde a Xunta de Galicia nos estivo a pór total e absolutas cambadelas, que foi o non declarar de urxente ocupación o Consello da Xunta obras que estaban planificadas por este equipo de goberno. Non sabemos o que pensar, pero sobre todo non pensamos moi ben con este estorbo e este meter o pé, verá vostede como estas expropiacións que estiveron paralizadas, como en breve se retoman co novo equipo de goberno. De repente parouse este trámite e hai casos claros e concretos que nos din que estiveron parados a urxente ocupación e as expropiacións, o cal leva consigo que non se pode facer o investimento.

Polo tanto, Sr. Rodríguez, eu creo que queremos gastar menos para facer máis e mellor, pero sobre todo eu o que lle pediría era un pouco de rigor nas cifras que dá, non

é igual as obrigas recoñecidas que o gasto comprometido, vostede confunde todo, vexo que non sabe o que é unha incorporación de remanentes, vexo que non se dá conta que estes 1.256 proxectos que significan 134 millóns de euros, representan o 60% de investimento, non o digo eu, dise concretamente isto na páxina 67 dos informes técnicos, dise na páxina 67, insisto nisto porque isto é importante para os cidadáns da provincia. E que lle imos facer!, se vostedes non xestionaban adecuadamente, se tentaban pór directa ou indirectamente para que nos plans de vías e obras non se puidese facer a urxente ocupación, nin as expropiacións, que vaia, non quero pensar mal, pero moitas veces, xa que vostede fala disto non me queda máis remedio que insistir, e dicirlle que os datos están aí e que os números non son testáns. Os gastos por habitante, xa llo expliquei, o investimento en vías provinciais exactamente igual, as políticas de igualdade de xénero ten que seguir a política económica desta Deputación, con moito sentido, que sempre llo digo, e moi cariñosamente, con sentido, non dicir “non, non se gastaron en políticas de igualdade de xénero”, que son 120.000 euros máis 12.000 euros que tñamos para ingresar como cota na Fundación de Cooperación e Desenvolvo e Solidariedade, que se ingresaron recentemente o 2004 e penso que o 2005, iso é do que me fala vostede, e non se dá conta de que iso fixemos unha modificación crediticia.

Entón fala do incremento do gasto corrente, do gasto de persoal, e dá números equivocados, de todas as formas eu creo que é conveniente volver a renegociar a política de persoal, igual eventual, xa que lle pon tantos problemas, co Partido Popular, igual é conveniente facelo, verán vostedes por onde andamos, porque é moi bonito chegar aquí ao Pleno e lanzar “non, estes dilapidan en persoal eventual e en persoal”, non, imos negocialo, imos mirar o que ten o Partido Popular e o que ten o equipo de goberno, ímolo revisar, igual nalgún momento á carta se lle deu ao Partido Popular, así que con prudencia, por favor, pedímoslle prudencia e sentido nestes temas.

O gasto corrente mantense ou reduciuse, coma sempre fágolle unha aclaración orzamentaria, os seis millóns de euros de conservación de estradas provinciais, que vostedes orzamentaban baixo ou non orzamentaban, para que non se lles incrementase o gasto corrente, figuran no capítulo II, pero vostedes claro, querían, e iso realmente é o que hai, claro que é un gasto corrente, pero eu nalgún momento, e penso que na miña intervención orzamentaria falaba mesmo de o retirar.

Simplemente, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, xa vou acabando, o grao de eficacia do orzamento 2004 pensamos que foi bo, pero mellorábel, séguese coa mesma filosofía de gastar menos, para facer máis e mellor, o Partido Popular non renegociou axeitadamente os créditos como fixo este equipo de goberno e, polo tanto, aí están os datos, 1.256 proxectos de obras, 134 millóns de investimentos que representan arredor do 60%, e aí están os números que indubidabelmente marcan que a provincia vai ben, e o goberno provincial vai ben, póñase como se poña o Partido Popular, co máximo respecto para a súa intervención, pídolle, por favor, que a mellore e que contraste os datos. Moitas grazas.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Eu teño unha preocupación inicial, por suposto o Ministerio de Facenda fai unha selección de persoal totalmente imprudente e temeraria, porque eu profesionalmente son interventor do Estado e, non o digo por dicilo así, número un da miña promoción, fun interventor xeral da Xunta de Galicia, e o Sr. Lagares atrevese a dicir que eu non entendo a documentación orzamentaria, home, Sr. Lagares, por favor, non nos tome vostede o pelo, non diga vostede cosas que se debía de avergoñar, por favor, como se atreve vostede a dicir iso?, como se atreve vostede pensando que os xornalistas que non son técnicos, poden crer o que vostede di?, como se atreve?, hai que saber cando se fala dicir cousas serias e non cun señor que profesionalmente está obrigado a utilizar isto e o utilizou toda a súa vida, non se atreva a dicir iso porque, sinceramente, polo curriculum debería de ter vostede un pouco de respecto, eu sei o que digo, e sei como o digo, e maticei ben o que dicía, e aos medios de comunicación non se lles pode enganar, e dígollo con todo o respecto persoal, pero é que vostede utilizou algo que a min me parece absolutamente improcedente.

Mire vostede, o orzamento mídese na súa execución de acordo co que determina a Lei orzamentaria, e é comparación entre dereitos recoñecidos e obrigas recoñecidas, e os gastos comprometidos é unha fase intermedia do sistema xurídico-contábel que non ten relevancia na liquidación, e todas as partidas que figuran nun orzamento na fase D como gastos comprometidos desaparecen do orzamento, anúlense, e soamente quedan dúas partidas, tres, créditos iniciais, modificación de créditos, créditos definitivos e obrigas recoñecidas, e esa é a execución do orzamento, iso son os 69 millóns de euros dos que falamos, eses son os 42 millóns de euros do partido anterior, iso é exactamente como se mide a execución orzamentaria, e se un compromete gastos, que nos termos de execución orzamentaria por pór un exemplo, claro que aquí hai xente que non ten por que coñecer os procesos de execución, se eu teño un crédito orzamentario e anuncio unha licitación dunha obra, fago unha fase A, se adxudico a obra fago unha fase D, pero esa adxudicación ten previsión orzamentaria de ser executada no exercicio, e se non cumpro a obra, non realizo a obra, e non presento certificación acreditativa da obra realizada, non podo expedir un documento de recoñecemento de obriga e o crédito dáse por anulado, e teño que iniciar ao ano seguinte un expediente novo para pedir a incorporación dese crédito anulado e poder pagarlle ao contratista se acabou a obra despois, e o que estamos a mirar aquí, eu non vou entrar nos datos de gasto comprometido, porque non entrei na miña análise, e se vostede colle os orzamentos da Xunta de Galicia, ou de calquera Administración pública, verá que o nivel de obrigas recoñecidas é dun 80-85% globalmente, por que?, porque están a gastar, porque están a cumprir as previsións orzamentarias, porque están a facer todo o necesario para poder acabar o exercicio, e pídlle por favor, por vostede mesmo, que non diga que non coñecemos, ou que confundimos, ou que non sabemos os datos que estamos a manexar, coñecémolos perfectamente, non tente vostede enredar mesturando gastos comprometidos con obrigas recoñecidas ou con gastos autorizados. Esta é a realidade da execución orzamentaria, e cando vostede fala de que unha determinada obra non se fixo, e se vai facer agora, está a falar de algo, cando se programa algo nun orzamento é



para ser executado nese ano, porque os orzamentos son a expresión cifrada xurídica dos dereitos e das accións que un goberno quere realizar durante un exercicio determinado, e os orzamentos son anuais, non son bianuais, son anuais, e péchanse o 31 de decembro, e polo tanto non me fale vostede de que gastos comprometidos, porque iso non é cumprimento das previsións orzamentarias.

E despois eu entendo que vostede poida ter algunha complicación en entender todo isto, non está obrigado profesionalmente a facelo, eu si, porque cando di vostede que non se incluíron as actuacións realizadas entre xaneiro e abril, está vostede equivocado, e dirao o Sr. interventor, todos os gastos do ano están incluídos no orzamento, independentemente de que o orzamento prorrogado recollese determinadas iniciativas e gastos, iso nun momento determinado apróbase o orzamento definitivo, incorpóranse ao orzamento definitivo e forman parte del, todos os ingresos e gastos desde o primeiro de xaneiro están incluídos aquí, decátese vostede antes de falar, se é moi sinxelo. “Non, é que vostede non considerou xaneiro, febreiro, marzo”, claro que si, aí están metidos todos, no orzamento aprobado en abril, incorporados aí, porque o orzamento ten efectos desde primeiros de xaneiro, non desde abril, apróbase con carácter retroactivo e a prórroga de gastos é a conta dese orzamento, polo tanto, nada de nada. É dicir, son cousas que realmente, non sei, non quería discutir con vostede, que lle teño agarimo persoal, quero dicirillo, non se trata de se asañar, pero hai que saber o que se di e hai que saber con quen se fala, nese sentido non hai ningunha necesidade de volver outra vez a falar sobre este tema, salvo dúas concrecións que vou dicir agora.

A min algo que me molesta é que cando demostramos e demostramos fidedignamente, que está nas análises de xestión, que polas circunstancias que sexan, para nós non positivas, vostedes non xestionaron ben, lancen ataques indirectos cara nós, e iso si que me doeu, veu insinuar que a Xunta de Galicia non lle aprobaba as expropiacións, e que non sabía se ao mellor algún de nós estabamos a paralizar, ou axudando a paralizar os expedientes de aprobación, home, Sr. Lagares, por favor, se vostede di iso, eu póño unha querela, nada máis, perante o xuíz, nada máis, se vostede no Pleno di que nós estamos a enganar ou paralizando na Xunta de Galicia, o Partido Popular, investimentos, enredando alí, eu póño unha querela, porque é a única resposta que podo ter, porque diso nada de nada, alá vostede e a Consellaría correspondente como tramitan os expediente, a min dáme igual que a Consellaría traballe ben ou mal, agora non nos mesture vostede a nós nesa liorta que poidan ter vostedes coa Xunta de Galicia do goberno anterior.

Dicía vostede, gastos de persoal, que nós mirásemos se había persoal eventual, eu dixen persoal de altos cargos incrementárase 272% e que vostedes tiñan 11 deputados en dedicación exclusiva e nós tres, e iso é o incremento, non me diga a min cousas que non dixen, eu o que dixen era iso e está moi claro. Como é natural, cando eu falo de estados, está aquí, Plans provinciais, orzamento corrente, Plan de equipamento deportivo e tempo libre, crédito definitivo 4.399.639 euros, obrigas recoñecidas, importe 785.513 euros, tanto por cento 17,85, e así cos demais gastos, todos os datos que lle dei están aquí nos estados de execución orzamentaria, sen ningunha dúbida.

E nas políticas, nos chamados programas novos, programas estrela do goberno bipartito, políticas de igualdade de xénero, componse de cinco partidas: a 227.99, con 80.000 euros; a 226.99 con 474.180 euros; a 472.0, con 400.000 euros; a 479.99, con 120.000 euros, a 762.99, con 100.000 euros, total 1.164.180, obrigas en fase 0, 61.511,13, porcentaxe 5,28%, e o resto, 0, 0, 0. Estamos a falar de accións de cooperación por desenvolvemento, 120.000 euros; normalización lingüística, con 4 programas, 550.000 euros; saneamento, abastecemento e distribución de augas, cun programa de 720.000 euros; proxecto de desenvolvemento local provincial, 4 programas, 342.150 euros; proxectos de desenvolvemento local estatais, 1.200.000 euros e proxectos de desenvolvemento local europeos, 239.000 euros, e estes programas non teñen ningunha peseta en obrigas recoñecidas, e son os seus estados, os estados que sacamos da contabilidade, non se saca de obrigas recoñecidas, porque se non, non estamos a falar da Conta Xeral, estamos a falar doutra cousa, e a Conta Xeral é onde saca o remanente, onde se sacan as incorporacións, e onde se fai todo o proceso de análise orzamentaria. Moitas grazas.

#### Sr. presidente

Se me permiten, gustárame aproveitando a posibilidade que me confire o Regulamento de pechar este debate cunhas breves palabras. Eu lamento que o Partido Popular vote que non á Conta Xeral, está no seu dereito, sen dúbida, pero podería votar que si sen ningún problema, porque se falamos de gasto comprometido e comparamos, no ano 2004 a porcentaxe de gasto comprometido no exercicio é do 95,71%, no ano 2003 o gasto comprometido é do 97,66%, efectivamente, un punto e pico por riba. E se imos ás obrigas recoñecidas, no ano 2004 as obrigas recoñecidas é o 66,99%, e no ano 2003 é o 71,12%, pero no ano 2002 é o 65,85%, inferior, polo tanto, ao ano 2004, no ano 2001 é o 64,52%, inferior ao ano 2004 e poderíamos seguir así, cunha diferenza, que o ano 2003 é o ano final dun mandato e ano electoral, e o ano 2005 é o primeiro ano dun novo mandato, que aínda que pareza igual, non é igual. Xa que logo, se comparamos cifras de gasto comprometido e obrigas comprometidas, ou recoñecidas, non hai diferenzas substanciais.

Pero a min gustárame, porque dixo algunha cousa o Sr. Dositeo que me gustaría aclarar, o feito de que diga que a obriga recoñecida é cando xa a persoa que recibiu a subvención manda a xustificación, ou cando a empresa que resultou adxudicataria dunha obra manda a certificación. Pero o feito de que haxa 0 euros nunha partida de recoñecido, non quere dicir que non se fíxese nada, quere dicir simplemente que a obra non se acabou e non mandou a certificación, ou que a subvención que se lle deu a unha asociación non recibiu aínda, non envía a xustificación, polo tanto, obriga recoñecida, 0.

Citou un tema concreto, o das depuradoras en pequenos municipios, núcleos de poboación de menos de 500.000 habitantes, había 700.000 euros, obrigas recoñecidas, 0, por que?, porque efectivamente, non se fixo e non se certificou, pero iso non implica

que non se estivese a traballar sobre iso, asinouse un convenio coa universidade, fíxose o estudo, entregouse o estudo, debateuse aquí, aquí aprobáronse en que municipios se ían facer as pequenas instalacións, obriga recoñecida, 0, pero estivemos parados?, non, estivemos a traballar. Polo tanto, se imos a obrigas recoñecidas, imos ao conxunto do orzamento, pásalle igual coas travesías que dicía o Sr. Lagares, o ano pasado incorporouse, habilitouse un crédito en Vías e Obras para travesías, a metade do mandato, a metade de ano, habilitouse un crédito, obviamente baixa o período de execución, a obriga recoñecida, por que? porque as travesías que se aprobaron o ano pasado, ao mellor, algunha está en fase de adxudicación agora, por que?, porque hai que facer os proxectos de expropiación, e temos que ter a autorización para a expropiación, e despois hai que expropiar, e iso implica que, o que se aproba un ano, o normal é que certifiquemos no seguinte, ou no seguinte. Polo tanto, gustárame, na Deputación pasa así, e vostede foi vicepresidente, e pasa así, sabe que unha estrada se aproba hoxe, apróbase en marzo, adxudícase en xullo e págase en xullo do ano que vén ou máis tarde, e é o normal.

E entón gustárame facer unha pequena reflexión, porque lle oín dicir moitas veces o tema dos soldos dos altos cargos, mire, iso é mentira, e voulle dicir porqué. Vostede era vicepresidente da Deputación, vostede non tiña dedicación exclusiva aquí, pero cobraba por asistencias, o non ter dedicación exclusiva permite que cobre no seu municipio de orixe e que cobre aquí, e se vostede optou por non ter dedicación exclusiva é porque a suma total das dúas lle conviña máis, non sei se era máis ou menos, pero conviñalle máis, pero os que cobran dedicación exclusiva non cobran asistencias a comisións, nin a Plenos, nin a Xuntas de Goberno, en cambio vostede cobraba por asistencias a comisións, a Plenos e a Xuntas de Goberno, e se se fai o importe final é case igual o que se cobra ou o que se cobraba por esas asistencias, que o que se cobra por dedicación exclusiva. Entón eu coido que isto, como llo oín moitas veces, oínllo cinco ou seis veces no Pleno, estiven calado, e xa chega o momento de dicir, non é certo, é certo que hai 11 persoas que cobran por dedicación exclusiva, e é certo que había 3 no Partido Popular, pero o Sr. Pose tampouco cobraba por dedicación exclusiva, pero cobraba por asistencias, e o Sr. Antonio Erias, tampouco dedicación exclusiva, pero cobraba dedicación exclusiva no concello e aquí por asistencias, e non se paga máis, nin se incrementou, simplemente decidimos que os que traballen na Deputación, traballen na Deputación e cobren na Deputación, e teñan unha dedicación exclusiva, e teñan un soldo decente, e non cobran por ningún outro concepto máis, non cobran nin por asistencias, nin por Plenos, nin por nada. Polo tanto, Sr. Dositeo, como isto se pode prestar a múltiples interpretacións, eu estiven calado prudentemente durante seis ou sete veces que o repetiu en varios Plenos, non o diga máis, porque non se corresponde coa realidade. Doulle a palabra se quere para este último tema e nada máis. Moitas grazas.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Sr. presidente, vostede está a dicir unha parte da situación, e a outra parte é os que están en dedicación exclusiva aquí, si cobran, supomos, nos seus respectivos

concellos, por Plenos e Comisións, o mesmo que aquí, ao revés, é dicir, un escolle nun concello ter unha dedicación exclusiva no concello e cobrar axudas de custe aquí ou estar de exclusiva aquí e cobrar as axudas de custe no concello, exactamente igual, é dicir, non hai ningún privilexio para os que estivesen aquí, ao revés, os que están aquí en soldos seguramente optarán aquí porque será máis alto que o soldo do seu concello respectivo, pero cobran alí as súas comisións, igual, polo tanto non hai ningún trato... E hai algo que é fundamental, e que non é menor, se eu estou en dedicación exclusiva nunha organización, debo de estar moito tempo aquí, é o meu posto principal, e como posto principal teño que estar moito tempo aquí, non as 37 horas e media, porque non somos persoal asalariado, pero un tempo razoábel diario. Algúns que non estabamos en dedicación exclusiva, se se ve na nosa axenda, saben que estabamos aquí case todos os días, eu polo menos. Pero o que estou a dicir, un pode estar en dedicación exclusiva nunha organización e vir unha hora aquí, pero o que está en dedicación exclusiva nesa organización está a maior parte do día alí, á parte de que veña todos os días aquí unha hora, que non nos confundan. Polo tanto, eu o que estaba a dicir é que tendo 11 deputados con dedicación exclusiva, teñen que estar moito tempo aquí, e o nivel de execución orzamentaria non é formalmente como di vostede. Unha obra pódese iniciar agora, pero certifícase en parte, certifícase por partes, certifícase por traballos realizados, non se certifica cando se remata a estrada, vaise certificando parte a parte, e non ver obrigas recoñecidas é pura e simplemente que non se certifica nada porque nada se acreditou a nivel de que chegue ao cidadán.

#### Sr. presidente

Sen abrir debate, o que eu quería dicirlle é que vostede cobraba substancialmente o mesmo por asistencias que o que cobra un por dedicación exclusiva, e vostede optou por iso porque quixo optar por iso, nada máis. E segundo punto, comparemos as obrigas recoñecidas e hai en obrigas recoñecidas 4,13 puntos por riba no ano 2003 de 2004, pero dígolle que é normal, porque é o último ano dun mandato electoral, é dicir, cando se gasta máis e se apura máis e se lle dá máis presión á maquinaria, e o primeiro ano dun novo goberno. E dígolle máis, vostedes tiveron catro puntos o último ano e con once meses de xestión, e nós tivemos catro puntos menos con catro meses e medio menos de xestión, porque comezamos a xestionar o orzamento a mediados do ano 2003, e como os datos se interpretan cada un como quere, dígolle estas precisións para que os que nos están a oír teñan unha orientación precisa do que estamos a falar aquí. Eu creo que está debatido, sometemos a votación o punto número cinco.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 deputados (11 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: 14 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

## **ACORDO**

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar a Conta Xeral da Excma. Deputación Provincial correspondente ao exercicio económico de 2004, unha vez cumpridos os trámites dispostos no art. 212 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, sen que se presentaran reparos ou observacións á devandita.

2º.- Renderlle ao Consello de Contas a dita conta unha vez aprobada definitivamente.”

## **6.-APROBACIÓN DO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL ADICIONAL 1/2005 POR APLICACIÓN DAS BAIXAS DE LICITACIÓN DO POL 2005.**

### **INTERVENCIONES**

Sr. Torres Colomer

Para dicir que este punto 6, o 7, 8, 9, 10, 11, 12 e 13 imos votar a favor deles.

## **ACORDO**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistas as baixas de licitación producidas nas obras incluídas na 1ª e 2ª fase da anualidade 2005 do POL-2000-2006, que se aprobaron polos acordos plenarios do 24 de febreiro de 2005 e 26 de maio de 2005.

Visto o Plan complementario aprobado polos acordos plenarios do 24 de febreiro de 2005 e 26 de maio de 2005.

E tendo en conta que o importe da subvención MAP + FEDER MAP pendente de aplicar á anualidade 2005 ascende a 158.378,94€.

1.- Aprobar o adicional nº 1 á anualidade 2005 do PROGRAMA OPERATIVO LOCAL 2000-2006, cofinanciado con fondos do Estado, FEDER, deputación e concellos, por aplicación dos remanentes producidos polas baixas de licitación das actuacións previstas na 1ª e 2ª fase do POL 2005.

As cifras globais de financiamento, detalladas por anualidades e axentes financiadores son as seguintes:

|                          | <b>Medida 5.3</b> | <b>Medida 3.3</b> | <b>TOTAL</b>        |
|--------------------------|-------------------|-------------------|---------------------|
| ESTADO (MAP + FEDER MAP) | 89.022,15         | 69.356,79         | <b>158.378,94</b>   |
| FEDER                    | 518.100,98        | 432.482,41        | <b>950.583,39</b>   |
| DEPUTACIÓN               | 180.584,96        | 111.860,80        | <b>292.445,76</b>   |
| CONCELLO                 | 41.458,32         | 32.300,00         | <b>73.758,32</b>    |
| <b>TOTAL</b>             | <b>829.166,41</b> | <b>646.000,00</b> | <b>1.475.166,41</b> |

A Deputación financiará as cantidades que lles correspondan aos concellos.

O importe total de 1.475.166,41€ ao que ascende o presente Programa POL adicional 1/2005, financiarase con cargo á partida 0501/519B/60145 do vixente orzamento provincial 2005.

2.- Aprobar a relación de actuacións que se han incluír no POL adicional 1/2005 do POL 2000-2006, que é a que deseguido figura, agrupada nas medidas nas que se estrutura o programa, e co detalle do seu financiamento entre os distintos axentes cofinanciadores.

| MEDIDA 5.3          |   |                |            |           |             |                   |            |           |
|---------------------|---|----------------|------------|-----------|-------------|-------------------|------------|-----------|
| Concello            | DENOMINACIÓN  | Código         | Orzamento  | FEDER     |             | ACHEGAS NACIONAIS |            |           |
|                     |   |                |            | FEDER-MAP | FEDER-LOCAL | MAP               | DEPUT.     | CONCEL.   |
| BOIRO               | AMPLIACIÓN-REDE DE SUMIDOIROS TREVONZOS-S.MARTÍÑO-BEALO-COMBANINE         | 05.2301.0191.0 | 132.472,93 | 9.955,93  | 82.775,12   | 4.266,82          | 28.851,41  | 6.623,65  |
| A POBRADO CARAMIÑAL | REDE DE AUGUA E ABAST. EN VILAS, VILARES...                               | 05.2301.0192.0 | 149.772,47 | 11.256,06 | 93.584,67   | 4.824,03          | 32.619,09  | 7.488,62  |
| TEO                 | REDE DE SUMIDOIROS EN FORNELOS-LAMPAI                                     | 05.2301.0193.0 | 110.003,22 | 8.267,22  | 68.735,03   | 3.543,10          | 23.957,71  | 5.500,16  |
| TEO                 | ABAST.E REDE DE SUMIDOIROS EN REGOUFE                                     | 05.2301.0194.0 | 82.350,24  | 6.188,98  | 51.456,19   | 2.652,42          | 17.935,14  | 4.117,51  |
| TEO                 | ABAST. E REDE DE SUMIDOIROS EN PONTEVEA                                   | 05.2301.0195.0 | 77.362,50  | 5.814,13  | 48.339,62   | 2.491,77          | 16.848,85  | 3.868,13  |
| TEO                 | ABAST. E REDE DE SUMIDOIROS EN TARRIO SEOANE                              | 05.2301.0196.0 | 72.380,04  | 5.439,68  | 45.226,35   | 2.331,29          | 15.763,72  | 3.619,00  |
| TEO                 | REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN EN PITE-PAREDES                           | 05.2301.0197.0 | 72.344,15  | 5.436,98  | 45.203,93   | 2.330,13          | 15.755,90  | 3.617,21  |
| TEO                 | REDE DE SUMIDOIROS EN CEPEDA  | 05.2301.0198.0 | 72.342,82  | 5.436,89  | 45.203,08   | 2.330,09          | 15.755,62  | 3.617,14  |
| TEO                 | REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN EN OUTEIRO                                | 05.2301.0199.0 | 60.138,04  | 4.519,64  | 37.576,99   | 1.936,99          | 13.097,52  | 3.006,90  |
| TOTAL MEDIDA 5.3    |   |                | 829.166,41 | 62.315,51 | 518.100,98  | 26.706,64         | 180.584,96 | 41.458,32 |
| MEDIDA 3.3          |   |                |            |           |             |                   |            |           |
| Concello            | DENOMINACIÓN  | Código         | Orzamento  | FEDER     |             | ACHEGAS NACIONAIS |            |           |
|                     |   |                |            | FEDER-MAP | FEDER-LOCAL | MAP               | DEPUT.     | CONCEL.   |
| CAMBRE              | AMPLIACIÓN E MELLORA RED ABAST. E REDE DE SUMIDOIROS DE LENDOIRO E OUTROS | 05.2301.0200.0 | 646.000,00 | 52.017,59 | 432.482,41  | 17.339,20         | 111.860,80 | 32.300,00 |

|   |                  |  |              |            |            |           |            |           |
|---|------------------|--|--------------|------------|------------|-----------|------------|-----------|
|   |                  |  |              |            |            |           |            |           |
|   | TOTAL MEDIDA 3.3 |  | 646.000,00   | 52.017,59  | 432.482,41 | 17.339,20 | 111.860,80 | 32.300,00 |
|   |                  |  |              |            |            |           |            |           |
| TOTAL PROGRAMA OPERATIVO LOCAL ADIC. 1/2005 |                  |  | 1.475.166,41 | 114.333,10 | 950.583,39 | 44.045,84 | 292.445,76 | 73.758,32 |

3.- Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de que durante un prazo de dez días poidan presentárense as alegacións que se consideren oportunas.

4.- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia para os efectos dispostos no art. 29.2.) da Lei 6/1997 do 14 de abril de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Estado, debendo terse en conta que transcorrido o prazo de 10 días desde a súa recepción poderanse proseguir coas actuacións.

5.- Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais debendo terse en conta que transcorrido o prazo de 10 días desde a súa recepción poderanse proseguir coas actuacións.

6.- Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta na Lei 5/97 de administración local de Galicia, debendo terse en conta que transcorrido o prazo de 10 días desde a súa recepción poderanse proseguir coas actuacións.

7.- Unha vez transcorrido o prazo de 10 días de información e exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o Programa Operativo Local adicional 1/2005.”

**7.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “REMODELACIÓN AVDA. MARTÍNEZ PARDO 1-F”, DO CONCELLO DE CURTIS, INCLUÍDA NO POS 2004. CÓDIGO: 04.2100.0127.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Aprobar o proxecto reformado da obra "**Remodelación Avda. Martínez Pardo 1-F**" do Concello de Curtis incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e da rede viaria local 2004 (Código: 04.2100.0127.0) cun orzamento de contrata de **103.176,93 €** que non representa unha variación no seu orzamento total, nin varía a finalidade ou o obxecto da obra, pero implica unha alteración substancial do contido do proxecto."

| <u>Código</u>  | <u>Concello</u> | <u>Denominación</u>                    | <u>Deputación F. Propios</u> | <u>Deputación Préstamo</u> | <u>Estado</u> | <u>Concello.</u> | <u>Orzamento Total</u> |
|----------------|-----------------|--|------------------------------|----------------------------|---------------|------------------|------------------------|
| 04.2100.0127.0 | Curtis          | Remodelación Avda. Martínez Pardo 1-F. | 44.939,20                    | 38.035,68                  | 15.043,20     | 5.158,85         | 103.176,93             |

**8.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “PAVIMENTACIÓN V.P. LANDEIRA-BUGALLIDO” DO CONCELLO DE NEGREIRA, INCLUÍDA NO POS 2005. (CÓDIGO 05.2100.0231.0)**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "Pavimentación v.p. Landeira - Bugallido" (código: 05.2100.0231.0) do Concello de Negreira, incluída no POS 2005 cun orzamento de contrata de 53.186,48 € que non representa variación no seu orzamento total, nin varía a finalidade das obras pero si representa cambios internos ao substituír un camiño por outro.”

| <u>Código</u>  | <u>Concello</u> | <u>Denominación</u>                     | <u>Deputación<br/>f. propios</u> | <u>Deputación<br/>préstamo</u> | <u>Estado</u> | <u>Concello.</u> | <u>Orzamento<br/>Total</u> |
|----------------|-----------------|---|----------------------------------|--------------------------------|---------------|------------------|----------------------------|
| 05.2100.0231.0 | Negreira        | Pavimentación v.p. Landeira - Bugallido | 23.701,59                        | 19.003,97                      | 7.821,60      | 2.659,32         | 53.186,48                  |

**9.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “REDE DE SUMIDOIROS E ABASTECIMENTO EN ANDRADE, VALDEVIÑATOS, PL.” DO CONCELLO DE PONTEDEUME INCLUÍDA CON CARÁCTER DE PLURIANUAL NO POL ADICIONAL 2/2004 E POL ADICIONAL 2/2005, CÓDIGO: 04.2302.0155.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Visto o proxecto reformado da obra “Rede de sumidoiros e abastecemento en Andrade, Valdeviñatos, Pl.” do Concello de Pontedeume, incluído no POL adicional 2/2004 e POL adicional 2/2005 por aplicación do fondo de reserva de eficacia, que foi presentado polo Servizo Director das Obras e que representa un incremento no seu orzamento de contrata.

1º.- Aprobar por un importe total de 774.981,64 € o proxecto reformado da obra “Rede de sumidoiros e abastecemento en Andrade, Valdeviñatos, Pl.” do Concello de Pontedeume, incluída con carácter de plurianual no POL adicional 2/2004 e POL adicional 2/2005, código: 04.2302.0155.0 que se aprobou mediante acordo plenario adoptado o día 28 de outubro de 2004.

2º.- Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento debido ao incremento experimentado no orzamento do proxecto reformado que representa a cantidade de 89.681,48 € a prezos de contrata, sendo de 60.445,28 € a prezos de



adjudicación. O incremento financeiro integramente a Deputación (código: 04.2302.0155.1).

Así, os datos de financiamento total da obra quedan como segue:

| <b>Rede de sumidoiros e abastecemento en Andrade, Valdeviñatos, PI." - Concello de Pontedeume</b> |  |   |                      |   |                       |
|---|--|---|----------------------|---|-----------------------|
|   | <u>Orzamento proxecto Inicial a prezos de contrata</u> |   |                      | <u>Orzamento reformado a prezos de contrata</u> | <u>Incremento</u>     |
|   | <b>Anualidade 2004</b><br><b>04.2302.0155.0</b>        | <b>Anualidade 2005</b><br><b>05.2302.0155.0</b> | <b>TOTAL INICIAL</b> |   | <b>04.2302.0155.1</b> |
| Deputación f.p.   | 116.278,30   | 55.046,73                                       | 171.325,03           | 261.006,51                                      | 89.681,48             |
| Deputación outros   | 23.255,67  | 11.009,35                                       | 34.265,02            | 34.265,02                                       | 0                     |
| FEDER   | 325.579,25   | 154.130,86                                      | 479.710,11           | 479.710,11                                      | 0                     |
| <b>TOTAL</b>  | <b>465.113,22</b>                                      | <b>220.186,94</b>                               | <b>685.300,16</b>    | <b>774.981,64</b>                               | <b>89.681,48</b>      |

3º.- Dispoñer a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitirlle o expediente para informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e á Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, para os efectos dispostos no art. 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado e no art. 9 do RD 835/2003 do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais.

5º.- Remitirlle o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida nos arts 112 e 188 e seguintes da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia.

6º.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión para informe, sen que se presenten reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o plan.”

## **10.-INFORME DA DEPUTACIÓN SOBRE A MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DO CONSORCIO PARA A PROMOCIÓN DA MÚSICA (A CORUÑA).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Informar favorablemente da modificación aprobada pola Xunta de Goberno do Consorcio, en sesión do 8 de xullo de 2005, polo Pleno do Concello da Coruña, en sesión do 19 de xullo de 2005 e pola Xunta Directiva da Asociación dos Amigos da

Ópera da Coruña, en reunión do 11 de xullo de 2005, dos Estatutos do Consorcio para a Promoción da Música (A Coruña).”

## **11.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA BASE 7ª DAS BASES REGULADORAS DO PLAN DE INVESTIMENTOS LOCAIS 2005.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Vista a proposta da Presidencia desta Deputación ao Pleno provincial con data do 24-08-2005, relativa á modificación da base 7 das reguladoras do Plan de investimentos locais 2005, no sentido de admitir expresamente o sistema de execución por administración.

1º) Modificar a base 7 das reguladoras do Plan de investimentos locais 2005, que foron aprobadas por acordo plenario do 28 de xullo de 2005 e publicadas no BOP nº 176 con data do 03/08/05, de forma que esta modificación queda reflectida no parágrafo terceiro que se lle engade ao mencionado precepto para incorporar expresamente a posibilidade de aplicar o sistema de execución por administración, quedando redactado o texto íntegro da base 7 do modo que se indica deseguido:

### **"Base 7 . Contratación das obras ou equipamentos.**

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña aprobará os proxectos técnicos correspondentes ás obras ou pregos de prescricións técnicas dos equipamentos, co acordo expreso de delegación da contratación e execución delas nos respectivos concellos.

Para as obras, a contratación realizarase de conformidade co establecido no Real decreto lexislativo 2/2000 do 16 de xuño, polo que se aprobou o Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas e conforme aos pregos - tipo de condicións da deputación mediante poxa ou concurso con procedemento aberto, ou mediante procedemento negociado sen publicidade nos supostos dispostos no artigo 141 da citada norma.

Non obstante, tamén se poderá utilizar o sistema de execución por administración para as obras que se incluían neste plan, de conformidade co establecido no artigo 152 e 153 do Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas, e artigos 174 e seguintes do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas.

Para as subministracións, a contratación realizarase de conformidade cos artigos 180 e seguintes do Texto refundido da lei de contratos das

administracións públicas, por poxa, concurso ou procedemento negociado sen publicidade nos supostos legalmente previstos.

Se houber achega municipal, as baixas e economías que se produzan na contratación das obras, aplicaranse en primeiro lugar a minorar a achega do concello. No caso de que non exista achega municipal ou que o seu importe sexa inferior á baixa producida, as baixas que minoren a achega da deputación poderanse destinar ao financiamento dos investimentos contidos no plan complementario de cada concello.

Os proxectos reformados, modificados ou liquidacións de obra, aprobaraos o órgano competente do concello e da deputación, pero o seu financiamento corresponderalle ao concello, xa que a deputación non asumirá o financiamento dos gastos que xeren estes.

Así mesmo deberá financiar o concello todos os maiores gastos que poidan xurdir durante a execución das obras, como os relativos á dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade etc.

O prazo para contratar as obras ou equipamentos polos respectivos concellos, establécese até o **día 30 de setembro de 2006 inclusive**. Este prazo poderase ampliar, despois da solicitude de prórroga motivada do concello, que poderá conceder o presidente da deputación, mediante resolución”.

2º) Someter o presente acordo a exposición pública polo prazo de 10 días, mediante a publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local .

No suposto de que non presentárense alegacións ou reclamacións ao devandito, entenderase definitivamente aprobado”.

## **12.-APROBACIÓN TÉCNICA DOS PROXECTOS DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008 E SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS INCLUÍDAS NEL.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar tecnicamente os proxectos que integarán a PRIMEIRA RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008, de acordo co PROGRAMA DE INVESTIMENTOS DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008 aprobado polo Pleno da

Corporación en sesión plenaria celebrada o 30 de xuño de 2005 . A citada aprobación condicionarase á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente e á súa aprobación definitiva.

| TITULO DO PROXECTO  | ORZAMENTO DA OBRA | ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN (PREVISIÓN PARA EXPROPIACIÓN) |
|---|-------------------|--|
| AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 8401 DO P.K. 5,640 AO P.K. 11,340 DA TABLILLA A AGRO DO MESTRE POLA PONTEPEDRA (TORDOIA)  | 746.824,08        | 153.032,04   |
| AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 8401 DO P.K. 11,340 AO P.K. 14,740 DA TABLILLA A AGRO DO MESTRE POLA PONTEPEDRA (TORDOIA) | 468.908,97        | 83.978,7   |
| AMPLIACION E MELLORA DE TRAZADO NA E.P. 5404 DO PK 3,500 AO PK 6,500 DE XUBIA Á PRAIA DA FROUXEIRA (NARÓN E VALDOVIÑO)            | 430.537,8         | 84.224,93  |
| AMPLIACION E MELLORA DE TRAZADO NA E.P. 5404 DO PK 6,500 AO FINAL DE XUBIA Á PRAIA DA FROUXEIRA (VALDOVIÑO)                       | 621.555,18        | 124.650,26   |
| AMPLIACIÓN E MELLORA DA E.P. 2404 A LARACHA Á SILVA POR GOLMAR PK 11,850 AO 13,710 (A LARACHA)                                    | 127.356,47        | 28.675,47  |
| AMPLIACIÓN E MELLORA DA E.P. 2404 A LARACHA Á SILVA POR GOLMAR PK 5,900 AO 11,850 (A LARACHA)                                     | 1.440.284,12      | 313.366,71   |
| AMPLIACIÓN E MELLORA DA E.P. 2101 KM 23,700 ESTRADA DA CORUÑA-SANTIAGO ÁS TRAVESAS DO PK 0,00 AO PK 2,400                         | 470.574           | 88.683   |
| AMPLIACION E MELLORA DE TRAZADO DA E.P 0906 DO PK 14,650 A 20,550 (PADERNE E BETANZOS)  | 1.451.927,75      | 486.621,6  |
| AMPLIACION E MELLORA DE TRAZADO DA E.P 0906 DO PK 20,55 A 23,60 (BETANZOS)  | 637.325,48        | 190.169,2  |
| AMPLIACION E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 0106 DE AMEAS A OZA DOS RÍOS TRAMO PK 8,600 A 14,700 (ABEGONDO E OZA DOS RÍOS)            | 1.016.511,1       | 144.132,32   |
| TOTAL   | 7.411.804,95      | 1.697.534,23   |

2) Expor ao público os proxectos da PRIMEIRA RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008 mediante anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

3) Solicitarlle á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellaría da Presidencia e con base nos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, que fai necesaria a execución da variante, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

4) Someter a información pública os referidos expedientes de expropiación mediante publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.”

### **13.-APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2005 5ª FASE.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar o Plan de vías provinciais 2005 5ª FASE, integrado polos proxectos que deseguido se relacionan e tomar en consideración os proxectos incluídos nel, cun orzamento total de 165.808,31.- euros, podéndose financiar con cargo á aplicación 0401/511B/601.03 e que son as que a continuación se detallan.

| <b>CÓDIGO</b> | <b>CONCELLO</b> | <b>DENOMINACION</b>  | <b>ORZAMENTO</b> |
|---------------|-----------------|--|------------------|
| 0511100019.0  | SAN SADURNIÑO   | PASO SOBRE O FEVE NO P.K. 1,700 DA EP 7603 DE SAN SADURNIÑO AO COVAL | 165.808,31       |
|               |                 | TOTAL  | 165.808,31       |

2) Expor ao público os proxectos mediante anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados .”

### **14.-PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO CON CAIXA GALICIA, RELATIVO Á CESIÓN DO LOCAL DESTINADO A CENTRO XUVENIL EN SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

#### INTERVENCIONES

Sr. Rodríguez Rodríguez

En relación coa modificación do convenio con Caixa Galicia, aínda que a nosa votación é a favor, porén queriamos introducir unha reflexión positiva, neste caso, dado que obviamente, eu persoalmente en concreto, me sinto moi satisfeito de que se converta en realidade un proxecto que iniciamos no goberno anterior, e no que, dada a modificación que se está a formular que é a cesión posterior ao Concello de Santiago, a min pareceríame que debería de ter en conta o presidente, se lle pedise ao presidente neste punto da orde do día que recollese a páxina 3 do documento de Pleno do final deste punto, onde hai un cadro de proposta de modificación de convenio, e suxestións do Servizo de Patrimonio e Contratación, se colle vostede as últimas follas, a terceira folla polo final. Que é o que formula o Servizo de Patrimonio?, di “A proposta de modificación de convenio, uso reservado para Caixa Galicia que poderá ser utilizada pola Deputación ou entidade que xestiona o centro” e suxire o Servizo de Patrimonio e Contratación, di “Non obstante a Deputación resérvase 60 días ao ano ampliados por

mutuo acordo para a realización de actividades de interese para a provincia”. Parece razoábel que dado que vai ser xestionado por outra entidade distinta, neste caso polo Concello de Santiago, e respectando a xestión do concello, a Deputación teña a posibilidade de ter actividades aí, está referíndose á sala de exposicións que é unha actividade que obviamente ten especial interese porque a Deputación promove exposicións, creo que beneficia a Santiago de Compostela, porque tendo uns espazos reservados á Deputación para a realización de exposicións, obviamente vai beneficiar aos cidadáns que os poidan ver, e obrígalle á Deputación a facer unha actividade aí.

No salón de actos di “Uso reservado para a Deputación, entidade que xestiona o centro e que poderá ser utilizado por Caixa Galicia despois do acordo previo”, e di o Servizo de Patrimonio “En caso de xestión por outra entidade, a Deputación poderá reservarse o uso prioritario do beneficio ou fixar polo menos 60 días ao ano ampliados por mutuo acordo, para realizar actividades de interese para a provincia”, mantense a posibilidade de uso por Caixa Galicia despois do acordo previo. É dicir, unha das finalidades deste edificio era facer presente a Deputación en Santiago de Compostela, creo que é bo para Santiago de Compostela e para a Deputación, esta cláusula, chamémola de garantía, creo que era razoábel. Di en canto ao extremo noroeste do local, a antesala, secretaría, despacho, aseo privado, sala de xuntas e o seu anexo, di o convenio “En caso de que a xestión do Centro se encomendase a outra entidade, a Deputación resérvase o uso”, o Servizo de Patrimonio e Contratación, dado que é un espazo dedicado especificamente para o presidente da Deputación, para cando vaia a algunha reunión o manteña aí, que o uso sexa exclusivo. A min parécenme unhas observacións do Servizo de Patrimonio moi razoábeis, que non van en contra de Santiago de Compostela, que vai ser a que vai xestionar o local, e que polo tanto si me parece que é razoábel introducilas no texto do convenio.

E despois habería unha última petición, elimínouse da finalidade e do uso deste edificio o que a Deputación tivese un portelo único alí, é dicir, que un cidadán de Santiago de Compostela, no mesmo centro onde está situado este edificio, en Frei Rosendo Salvado, puidese presentar alí directamente un escrito dirixido á Deputación sen ter que ir a outro sitio. A min paréceme que, dada a finalidade deste edificio, sería bo manter esta finalidade aínda que fose con carácter básico. Todo isto, simplemente, non condicionamos o voto a isto, dámoslle o voto positivo, pero pedimos que reflexione o presidente na redacción definitiva da modificación, por se se puidesen introducir estes aspectos. En todo caso, votaríamos a favor.

Sr. Poza Domínguez

A verdade é que consideramos que isto está recollido no texto do acordo, porque está previsto, por un lado a creación dunha Comisión Mixta, unha comisión a tres bandas entre o concello, deputación e Caixa Galicia, e loxicamente os espazos van ser repartidos dentro deste acordo da Comisión Mixta, iso por un lado, é dicir, marcar unhas datas determinadas parecíanos que, ou poden ser moitas, ou poden ser poucas, entón o lóxico sería estar de acordo. Ao haber unha Comisión de Seguimento do

funcionamento deste local, eu coido que prevé perfectamente a utilización conxunta dos espazos.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Debe estar no convenio, facilita máis o labor da Comisión executiva, e evita introducir temas que puidesen ser conflictivos, penso que son observacións moi razoábeis, que deben estar recollidas no texto do convenio, pero que non nos impiden votar a favor, porque nós non podemos votar en contra de algo que vai beneficiar a Santiago de Compostela claramente.

### **ACORDO**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a modificación do convenio de colaboración suscrito o 30 de xullo de 2002 con Caixa Galicia, relativo á cesión do local destinado a Centro Xuvenil en Santiago de Compostela, de conformidade coas seguintes:

#### **ESTIPULACIÓNS**

PRIMEIRA.- Nova redacción:

*“A Deputación Provincial da Coruña e Caixa de Aforros de Galicia, actuando esta última no ámbito da súa obra benéfico-social, crean unha concreta obra benéfico-social en colaboración para o establecemento dun Centro Sociocultural e Xuvenil de carácter polivalente, dirixido a todos os colectivos cidadáns, no que se prestarán servizos de carácter cultural, lúdico, formativo e servizos sociais de base”.*

SEGUNDA.- Engadir:

*“Caixa de Aforros de Galicia resérvase o uso da sala de exposicións (361,50 metros cadrados) que poderá utilizar a Deputación, ou a entidade que, no seu caso, poida xestionar o Centro, despois do acordo previo.*

*No caso de que a xestión do Centro se encomende a outra entidade, a Deputación da Coruña resérvase o uso da zona do extremo nordeste do local, integrado por: unha antesala e unha secretaría (31,43 m<sup>2</sup>) un despacho (31,81 m<sup>2</sup>), un aseo privado (2,97 m<sup>2</sup>), unha sala de xuntas (25,30 m<sup>2</sup>) e un anexo á sala de xuntas (2,51 m<sup>2</sup>) cunha superficie total de 95,02 metros cadrados”.*

TERCEIRA.- 6. Engadir:

*“A Deputación da Coruña ou a entidade que, no seu caso, poida xestionar o Centro, resérvase o uso do salón de actos (104,71 m<sup>2</sup>) que poderá utilizar a Caixa de Aforros de Galicia, despois do acordo previo”.*

QUINTA.- Engadir:

*“A modificación do convenio non supón alteración ningunha no prazo establecido na presente cláusula”.*

SEXTA.- Engadir:

*“A modificación do convenio non supón custo ningún para Caixa de Aforros de Galicia.*

*A xestión e funcionamento do Centro poderaa encomendar a Deputación da Coruña ao Concello de Santiago de Compostela, mediante o acordo de colaboración oportuno que, en calquera caso, respectará o uso dos locais que se reservan a Caixa de Aforros de Galicia e a Deputación da Coruña, segundo consta na estipulación segunda”.*

SÉTIMA.- Engadir:

*“No caso de que a xestión e funcionamento do Centro a asuma o Concello de Santiago de Compostela, a Comisión de Seguimento quedará integrada por dous representantes da Deputación da Coruña, dous representantes de Caixa de Aforros de Galicia e dous representantes do Concello de Santiago de Compostela”.*

## ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓN

## ROGOS E PREGUNTAS

### Sr. Prado Patiño

Quero manifestar o noso descontento respecto da viaxe para mulleres rurais, non parece correcto que o noso grupo se entere polo Boletín Oficial da Provincia, que non se convocase unha Comisión Informativa antes, iso primeiro, segundo, se collemos a relación de mulleres que está dada de alta na provincia no sector agrario, ben sexa por conta propia ou allea, hai sobre 16.000, eu vexo que a viaxe esta son 30 prazas, pode ser, estou seguro que por parte do presidente non ten o dato das mulleres que fixeron a solicitude, finalizou onte, gustaríame no próximo Pleno que nos dixese se pode ser que haxa poucas mulleres, pero eu penso que foi por falta de información, deuse pouca cancha, digamos, de verdade, non sei se era a intención convocar 30 prazas e quedar ben, espero que non sexa así, eu proporía que se hai algunha demanda, as mulleres rurais merecen un respecto e que se faga unha segunda convocatoria.



Sra. Vázquez Veras

Independentemente de que como non coñecía a pregunta antes do Pleno, non tiña preparada a resposta, pero eu penso que as preguntas son doadas, por que non pasou a Comisión Informativa?, eu penso que hai cantidade de asuntos que non pasan as comisións informativas porque son temas de xestión de goberno, e a viaxe que a Sección de Servizos Sociais está a preparar para mulleres labregas a Austria forma parte desas competencias que ten delegada a presidencia da Comisión. En todo caso, sendo coñecedora de que, efectivamente, o censo de mulleres que se dedican a actividades agrarias é múltiple, eu o único que teño que dicir é que é unha primeira viaxe que se fai como unha experiencia que consideramos interesante, que a convocatoria de 30 prazas é, evidentemente, por tema de orzamento e que, unha vez que se faga a primeira viaxe e vexamos a experiencia entón poderemos falar se, efectivamente, lle pode ser rendíbel para o obxectivo que ten a viaxe, que é de coñecemento de como están a funcionar as asociacións de mulleres no ámbito do traballo de elaboración e de produción de produtos sans e de calidade, e na comercialización destes produtos, se é interesante, si podemos repetir a experiencia, pero en todo caso eu penso que a convocatoria foi suficientemente publicitada, houbo numerosas chamadas para se interesar nas condicións da viaxe, non era nin moito menos a intención que non se cubrisen as prazas, senón todo o contrario, e na convocatoria van uns criterios para a selección das mulleres que despois poden participar na viaxe, e evidentemente, se a demanda é importante teremos que formularnos seguir investindo nestas experiencias.

Sr. Prado Patiño

Nas bases de selección, estou a ler as bases que están o Boletín Oficial da Provincia, por razón de idade, 40 puntos, e por razón dos ingresos 60 puntos, eu penso que a vida laboral debía contar, é dicir, unha muller ao mellor ten 22 anos e é seleccionada, unha señora que ten 60 anos, non é seleccionada, con isto quero dicir que toda a vida se dedicou ao campo e a coidar o contorno que todos coñecemos da vida familiar. Entón, eu só unha suxestión, digo que todo se pode corrixir, todo se pode modificar. Con isto remato, Sr. presidente.

Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e vinte e cinco minutos, redactándose a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.